

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/02/2019 12:31:02

SAIDA 1937/19

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 0136/2018

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 19 de novembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 19 de novembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por considerar carente de sentido que se publiquen e se lle remitan as puntuacións desglosadas por áreas dos candidatos a un proceso selectivo ao que se presentou para a Fundación Universidade da Coruña, unha vez que o procedemento esta finalizado.

Segundo. Con data 20 de novembro de 2018, déuselle traslado da documentación presentada polo reclamante á Fundación Universidade da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola Fundación foi o 26 de novembro de 2018.

Terceiro. Con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 5 de decembro de 2018, a Fundación Universidade da Coruña, remite un completo informe sobre o procedemento de selección e sobre o acceso á información solicitado, no que en síntese e no que neste procedemento interesa, manifesta o seguinte:

Con data 21 de setembro de 2018, publícanse na páxina web da Fundación Universidade da Coruña as bases para a contratación laboral dunha persoa, de forma urxente e por

circunstancias públicas sobrevidas, por presentar a persoa que ocupaba devandito posto de traballo, a súa renuncia voluntaria con data 20 de setembro de 2018.

A publicación da convocatoria e de todos os actos derivados da mesma foron debidamente expostos na páxina web do órgano convocante, e de libre acceso. Con data 26 de outubro de 2018, publícase na web da Fundación a puntuación final de todas candidaturas e un documento de valoración coas valoracións por apartados de todos e cada unha das candidaturas.

Na convocatoria unicamente se contemplaba que se procedería á publicación da lista de persoas candidatas coa súa valoración final na páxina web.

Con data do 30 de outubro de 2018, a reclamante se puxo en contacto vía correo electrónico coa Fundación, correo no que entre outros asuntos solicita a publicación da lista de persoas candidatas coas notas por apartados.

A comisión de valoración do proceso tratou de poñerse en contacto coa reclamante para comunicarlle que as puntuacións parciais (malia non ser obrigatorio) estaban xa expostas na web en formato Excel dende a publicación da resolución. Dita comunicación non foi posible, por ter a interesada problemas coa cobertura do seu correo electrónico.

O solicitado pola interesada excedía do expresamente recollido nas bases da convocatoria, as cales son as que rexen o desenvolvemento do proceso selectivo. En momento algún se especificou en ditas bases que se publicaría unha lista das persoas candidatas coas notas por apartados; malia iso e coa finalidade de dotar da máxima transparencia ao proceso selectivo, a Fundación dende un primeiro momento publicou na páxina web as puntuacións de cada candidatura nas diferentes áreas, antes de que a reclamante o solicitase.

En momento algún se lle negou a información requirida, polo que non é certa a alegada falta de información que supostamente sufriu a reclamante.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a notificación da contestación á solicitude de acceso á información foi o 15 de novembro de 2018, e a reclamación presentouse con data do 19 do mesmo mes, debe admitirse por estar en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

No presente caso, o obxecto da reclamación é a disconformidade da reclamante coa falta de publicación das puntuacións desagregadas por apartados, durante a celebración dun procedemento de selección de persoal no que ten a condición de interesada. A Fundación convocante do procedemento de selección nega esa falla de publicación, e acredita que, a pesares de que non era unha información que preceptivamente debía publicarse, así o fixo.

Atopámonos pois ante un suposto no que a reclamante solicitou unha información no curso dun procedemento no que era interesada, polo que a normativa que lle era de aplicación é a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo (bases da convocatoria), nos termos establecidos da disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, motivo polo cal procede a inadmisión da reclamación presentada.

Nestes momentos o procedemento esta concluído, quedando acreditado no expediente que a información foi publicada e a interesada puido ter acceso á mesma durante o desenvolvemento do procedemento, se ben non o tivo en tempo por problemas técnicos e de comunicación, pero non por que a Fundación convocante do procedemento non facilitase a información.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra a súa falta de acceso ás puntuacións desglosadas por áreas dos candidatos a un proceso selectivo ao que se presentou para a Fundación Universidade da Coruña.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia


Comisión da
transparencia
de Galicia
Milagros Otero Parga